


LIBROS



O CARBALLO

Calros Silvar
Baía Edicións
Galego (42 páx.), 2012
ISBN: 978-84-9995-037-2

Con esta obra, Baía Edicións pon en marcha unha nova colección de divulgación centrada nos elementos singulares do noso medio natural e dirixida, fundamentalmente, a nenas e nenos de ensino primario, baixo o lema xenérico de *A aventura de vivir*. Nesta primeira entrega, Calros Silvar vai explicando quen son as árbores e, concretamente, os *Quercus* e as diferenzas máis salientábeis entre as distintas especies; como nacen, se desenvolven e como evolucionan durante o seu longo período de vida. Alerta tamén dos perigos que o axexan no presente. Desde unha visión cultural, explica a pegada destas árbores na cultura popular. Salientamos o magnífico traballo de ilustración do autor.



AS AVENTURAS DE FALCO E OTIS

Bruno Brites Martins
LPN (Liga para a Protecção da Natureza)
Portugués (26 páx.), 2006
Dep. Legal: 236367/05
ISBN: 972-98961-2-7

A colección *As aventuras de Falco & Otis* versa sobre o enriquecemento da exploración pedagóxica de contidos relacionados coa conservación do Peneireiro-das-torres e o seu habitat. Neste contexto, estes libros poden ser utilizados por pais e nais e educadores como forma de sensibilización e de transmisión de coñecementos. É posíbel descargar o libro na seguinte ligazón:

www.lifeesteparias.lpn.pt



¿PARA QUÉ SIRVEN LAS AVES?

Antonio Sandoval
Tundra
Castelán (256 páx.), 2012
Dep. Legal: AB-83-2012
ISBN: 978-84-940449-1-5

O ornitólogo galego Antonio Sandoval publica o seu primeiro libro *¿Para qué sirven las aves?*, no que percorre boa parte de Galiza buscando a resposta a esta pregunta. Como nos presenta a editorial Tundra: "no camiño encontra historias de espías e de naufraxios, crónicas políticas, retratos de asasinados en serie, misterios do pasado e até fazañas bélicas. Tamén conversa con outros que, como el, converteron a observación das aves nunha forma de vida. Conta cunha mancha de lembranzas e reflexións e describe as paisaxes que atravesou. O resultado é unha celebración de canto que nos dá a Natureza salvaxe, e un recordatorio do moito que perdemos ao renunciar a ela".

<http://www.tundraediciones.es/>

<http://paraquesirvenlasaves.blogspot.com.es/p/el-libro.html>

INFORME



DECIDIR JUNTOS PARA GESTIONAR MEJOR. Manual de planificación participativa en áreas protegidas.

García Fernández-Velilla, Santiago;
Jiménez Luquin, Alberto e
Alfonso Seminario, Cristina.
Eusko Jaurilaritza/Goberno Vasco

A protección e conservación do medio ambiente xera múltiples conflitos que lamentablemente non se xestionan como deberían. Coa intención de abordar estas cuestións e coa experiencia gañada en diversos procesos de participación social, os autores preséntanos un interesante documento para traballar con diferentes colectivos a participación nos espazos protexidos. En definitiva, trátase de fomentar unha participación que sirva para tomar mellores decisións, máis efectivas e con maior respaldo social, para cambiar e transformar a realidade nunha dirección consensuada.

LIGAZÓN

GRUPOGEAS

O Grupo de Estudio dos Animais Salvaxes, G.E.A.S., vén cumprir 10 anos de andaina. A entidade xorde froito das inquedanzas de mozos e mozas biólogas, novos tamén en espírito, cheos de ideas e entusiasmo.

As persoas que forman G.E.A.S. levan anos dedicadas ao coñecemento da fauna e flora das terras e mares da Galiza, e, chegado un momento, deciden compartir estes coñecementos. Grande parte das actividades da asociación está enfocada cara á xente moza, tentando achegar a todo o mundo o coñecemento da "bichería" que nos rodea, e que poucos coñecemos. Na súa web, entre outras seccións podes acceder a novas, actividades, a dous números do boletín *Myotis* ou aos resumos dos diferentes

cursos que teñen realizado até o momento. Pódense realizar descargas de cartografía ou programas.

Entra en: <http://www.grupogeas.org>



BOLETÍN



A MOBELLA Nº 19

Cosme Damián Romay
Cousido (coord.)
Grupo Naturalista Hábitat
Galego (74 páx.), 2012
Dep. Legal: C-1723-1998
ISSN: 1888-3315-X

Neste Boletín do Grupo Naturalista Hábitat fundado na Coruña en 1979, abórdanse diferentes cuestións ligadas ao ambiente e á natureza galega. No Limiar, a Plataforma pola Mobilidade presenta a súa xénese, así como os seus obxectivos; na sección *Caderno de campo* destácanse aquelas citas de interese de artrópodos, hérxetos, mamíferos e outras observacións acompañados dos seus respectivos mapas. En *Divulgación*, J.A Ramos Abuín fai un repaso aos invertebrados da Lista vermella da provincia da Coruña e P. Carballo Felpete asina o artigo "Arañas galegas: diversidade por coñecer". Outros artigos son: o primeiro aniversario de *Sea-birds* Galicia ou a entrevista a Encarna González: *arte, números e aves*.

www.gnhabitat.org

'RECURSOS' CERNA PIDEA TÚA COLABORACIÓN

Se estás interesad@ en que divulguemos na revista galega de ecoloxía e medio ambiente Cerna algún libro, CD, revista, película, documental, etc, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico: ramses@adega.info, indicando 'Recursos' Cerna.